

ACTIVIDADES DA ASOCIACIÓN EN 1995

Xa plenamente regularizado o funcionamento do Museo despois das obras de reforma e ampliación realizadas entre 1991 e 1994, tamén a Asociación puido desenvolver con maior normalidade as súas actividades. estas fixérонse, como de costume, gracias ás cuotas dos socios e asimesmo á axuda anual da Fundación «Barrié de la Maza».

No primeiro trimestre do ano 1995, publicouse o número 4 do Boletín *Croa*, ampliando as súas páxinas e mellorando, na medida do posible, tanto a presentación como a calidade e diversidade do seu contido. Este Boletín, ademais de repartirse gratuitamente entre os asociados, vénese ó público na Receppción do Museo ó prezo de 300 ptas. (que ven cubrir o seu custo de impresión e distribución), pero a maiores intercámbose con boletíns e revistas doutras Asociacións similares e incluso con publicacións doutros Museos e entidades.

No segundo trimestre, realizouse a prevista viaxe de estudio a León e Asturias, de tres días de duración, visitando o prerrománico, románico e gótico astur-leonés, a Exposición de Ástures en Xixón, e os Museos de León e Oviedo. (Pode ver-se á parte unha crónica máis detallada desta

viaxe).

Membros da Asociación colaboraron, como de costume, na conmemoración do Día Mundial dos Museos o 18 de maio, e asimesmo participaron na organización e desenvolvemento da 1ª Xornada Técnica de Museos galegos, celebrada no Museo do Castro o 3 de xuño, coa asistencia de profesionais doutros Museos de toda Galicia.

No mes de maio, membros da Xunta Directiva da Asociación asistiron representando a esta no VI Congreso da Federación Española de Amigos dos Museos, celebrado no Museo de S.Telmo de San Sebastián, presentando unha comunicación sobre o papel e actividades daquela.(Véxase informe á parte).

Hai que sinalar que a nosa Asociación pertence e segue en estreito contacto coa tal Federación (FEAM), recibindo o seu Boletín Informativo (que tamén é gratuito para os socios).

Nos dous últimos trimestres de 1995, ademais da edición do presente número de *Croa*, está previsto reeditar os marcadores de libros como elementos de difusión cultural do Museo e da Asociación. Igualmente, e tal como se explicaba no nº 4 de *Croa*, fixérонse xa as reproducións e

réplicas de pezas (unha oliña castrexá e dous «pins» - un aplique con cara humana e un puñal de antenas, este a tamaño reducido e todos eles proporcionados polo artesán Manuel Miranda).

Realizouse tamén a programada viaxe de estudio (arqueolóxico e antropolóxico) ó santuario de S.Andrés de Teixido (onde xa se sabe que «vai de morto o que non foi de vivo»), serras da Faladoira e da Capelada, ó Castro de Punta dos Prados (impresionante enclave onde se escavou un «monumento con forno»), e a Bares (onde se visitaron os vellos e orixinais muíños de torrenteira e o chamado «coído» ou peirao antigo).

Por último, non está de máis chamar a atención sobre o feito de que a pesar de realización destas e doutras actividades, unha boa parte dos socios non participa nelas como sería de desexar, cando é sabido que a boa marcha dunha Asociación cultural como esta precisa do apoio e da colaboración e participación activa dos seus membros, que teñen sempre a oportunidade de fazer propostas de actuación, traballos ou ben outro tipo de suxerencias que revirtan no mellor cumprimento dos fins estatutarios da Asociación.